

**5° PRIMARIA**





AS TRASNADAS

DAS CABAZAS DE QUINTELA

Sucedeu na noite de Samain. Como cada ano, as cabazas realizadas polos nenos e nenas de Primaria decoraban os corredores do colexio de Quintela. Pero... algo increíble estaba a punto de acontecer...





Jajaja

Comenzaron a oirse sons misteriosos e gargalladas arrepiantes...





De súpeto... algunhas cabazas comezaron a cobrar vida e a fuxir da mesa onde estaban expostas. Eran as da clase de 5º! Coma se dun feitizo se tratara... comezaron a facer trasnadas polo colexio, ata pór todo patas arriba!



A malvada Bruxa Catuxa dirixiuse ao almacén dos produtos de limpeza e fixo unha apócema para que, ao chegar ao colexio, os nenos se converteran en Pitufos. Entre diabólicas risadas, e removendo o seu caldeiro, botou un conxuro que dicía: "Sapos e bruxas, monstros e curuxas!! Tinguidelles de azul o cabelo, a pel e... ata as calugas!! JA, JA, JA, JA!!!"





Ao Pallaso diabólico ocorréuselle unha idea arrepiante: converter en choros as risas dos cativos!! E comezou a artellar o seu plan para o día que os rapaces volveran á escola.



Mentres isto sucedía... Zombi tamén estaba a facer das súas... Deulle por comer todas as ceras e témperas de cor verde do colexio!! Así quedou!! Verde!! Colleu tal indigestión que despois andaba a queixarse polos corredores!! Aiiiii!!


CALLE DESTINO A LA MUERTE







Caveira gozaba coas falcatrudas das súas compañeiras. Pero ela non quería ser menos!! Baixou á biblioteca e comezou a cambiar de sitio todos os libros dos anxeis.




A Dobre cara deulle por roubar todas as cadeiras das aulas. Ria e ría imaxinando no incómodos que ían estar de pé, cativos e profes!!





**AS TRASNADAS**

**DAS CABAZAS DE QUINTELA**



Caramelo diabólico púxose a fabricar lambetadas envelenadas para provocar caries nos dentes e fortes dores de barriga.



Mandíbula afiada foi ao ximnasio, pinchou todos os balóns e roeu os colchóns ata deixalos totalmente desflaídos!!





AS TRASNADAS

DAS CABAZAS DE QUINTELA



A Muller araña, (Spider girl) gabeou polas paredes, flestras e teitos e descolgou toda a decoración dos corredores e ciscouna polo chan...



**!Halloween!**  
Venom foi ao cuarto da caldeira e... coa súa noxenta lingua, avariou a calefacción.  
-Ides tremer de frío!! - berraba polo colexio...





**AS TRASNADAS**

**DAS CABAZAS DE QUINTELA**

Catrina, tamén coñecida como a "cabaza da felicidade", foi a única cabaza de 5º que non fuxiu da exposición para facer o mal. Pero non só iso. Tentou deter as súas malvadas compañeiras. Así que botou man dos seus súper poderes.



Concentrouse e pechou os ollos, ata que das fermosas rosas que tiña na cabeza comezaron a saír pequenas flores que voaban polos corredores da escola, removendo todos os desastres. Nun intre, conseguiu desfacer o feitizo e volver todo á normalidade. Restablecera o orde na escola!!







**AS TRASNADAS**

**DAS CABAZAS DE QUINTELA**

As cabazas, esgotadas, volveron unha a unha á exposición. Nuns minutos todas quedaron durmidas. Catrina descansou satisfeita co seu traballo, cun enorme sorriso na cara. Os seus ollos escuros pecháronse e durmiu do tirón toda a noite.



**FIN**

